



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA  
DE DECEMBRO DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente  
Concelleiros/as:

D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO  
D. MANUEL COSTA CERNEIRO  
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO  
D<sup>a</sup>. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA  
D<sup>a</sup>. DIANA VARELA BARREIRO  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ  
D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ  
D<sup>a</sup>. YOLANDA VIEIRO CEBEIRO  
D. XESÚS CASTRO BLANCO  
D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES

Secretaria

D<sup>a</sup>. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26/11/2025)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 26/11/2025 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre participación no Plan POS + Adicional 1/2026 (plan único de concellos) para o financiamento de gastos sociais extraordinarios no exercicio 2026 (Expediente núm. 2025/A008/000037)**

O Pleno da Deputación con data 22.11.2025 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + 2026.

Xunto co POS + 2026 régúlase simultaneamente o POS +Adicional 1/2026 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

A cantidade asignada a este Concello para os gastos sociais extraordinarios do 2026 é de 65.880,14 euros.

Proponse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS + Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais segundo de indica:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



| <b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025</b>       | <b>PREVISIÓN DE GASTOS 2026</b> | <b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b> | <b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b> | <b>IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026</b> | <b>OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b> |
|--------------------------------------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------|--------------------------------------------|
|                                                  | (A)                             | (B)                                                     | (C=A-B)                                              | (D)                                          | (E=C-D)                                    |
| Gastos correntes                                 | 905.470,40                      | 483.354,39                                              | 422.116,01                                           | 65.880,14                                    | 356.235,87                                 |
| Investimentos: Tipoloxía i                       |                                 |                                                         | 0,00 €                                               |                                              | 0,00 €                                     |
| Investimentos: Tipoloxía j                       |                                 |                                                         | 0,00 €                                               |                                              | 0,00 €                                     |
| <b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b> | 905.470,40                      | 483.354,39                                              | 422.116,01                                           | 65.880,14                                    | 356.235,87                                 |

### Importes

|                                                           |                    |
|-----------------------------------------------------------|--------------------|
| I. Importe solicitado para gastos correntes               | <b>65.880,14 €</b> |
| II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i    | <b>0,00 €</b>      |
| III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j  | <b>0,00 €</b>      |
| <b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)</b> | <b>65.880,14 €</b> |

**SEGUNDO.-** Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

**TERCEIRO.** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Posta a votación apróbase con dez votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e tres abstencións do BNG.

**3º.- Aprobación, se procede, do expediente de contratación administrativa do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra (Expediente núm. 2025/C004/000001)**

#### Antecedentes:

-Providencia da Alcaldía pola que se acorda iniciar o expediente para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra.

-Memoria xustificativa da necesidade de licitar o contrato na que se acredita a insuficiencia de medios propios para a execución da prestación.

-Estudo económico – financeiro para a determinación do prezo de licitación do citado servizo.

Completado o expediente :

Tipo de contrato : Servizos



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <u>Número de expediente:</u> 2025/C004/000001                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <u>Obxecto do contrato:</u> Prestación dos servizos de axuda no fogar , mediante o acceso por libre concorrência e para persoas en situación de dependencia. O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desorganización familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando e retrasando a súa posible institucionalización.<br><br>División en lotes: Non.<br><br>CPV: 85300000-2 (Servizos de asistencial social e servizos conexos)<br><br>85312000-9 (Servizos de asistencia social sen aloxamento) |
| <u>Procedemento de contratación</u> : aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios dependentes dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática).<br><br>Contrato suxeito a regulación harmonizada : Si                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| <u>Tipo de tramitación:</u> Ordinaria                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Código CPV : 85000000 (Servizos Sociais)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Valor estimado do contrato: 3.267.289,21 euros (IVE excluído)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Orzamento base de licitación: 2.123.477,76 euros (incluído o IVE)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Duración da execución: 2 anos + 1 de prórroga. Duración máxima: 3 anos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |

Visto que de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro (en adiante LCSP), o órgano de contratación é o Pleno ao superar o valor estimado do contrato 0 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal vixente

Propónse ao pleno:

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra, cun orzamento base de licitación bianual que ascende á cantidade de 2.123.477,76 euros (IVE engadido), e cunha duración inicial de dous anos, con posibilidade dunha prórroga dun ano máis, ata un máximo de tres anos.

SEGUNDO.- Aprobado o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, con pluralidade de criterios de adxudicación, e suxeito á regulación harmonizada.

TERCEIRO.- Adquirir o compromiso de gasto plurianual que resulta da aprobación do expediente de contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 do orzamento municipal, quedando subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne nos correspondentes orzamentos.

CUARTO.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



**QUINTO.-** Dispoñer a apertura do procedemento aberto de contratación, con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, suxeito á regulación harmonizada, procedendo a publicar anuncio de licitación do contrato no Perfil do Contratante (<https://contrataciondelestado.es>) e no Diario da Unión Europea (DOUE), deixando constancia no expediente da data de envío.

**SEXTO.-** Publicar no Perfil do Contratante toda a documentación preceptiva do expediente de contratación establecida no artigo 63.3 da LCSP.

**SÉTIMO.-** Delegar na Alcaldía a adxudicación do contrato, as competencias en materia de interpretación, modificacións, resolución do contrato, e demais actos de tramitación do procedemento.

Posta a votación apróbase con dez votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e tres abstencións do BNG.

### **4º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2026 (Expediente núm. 2025/T004/000001)**

Ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real decreto 500/1990,

Considerando a documentación que obra no expediente 2025/T004/000001 que contén o proxecto de Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2026, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2026 por importe total de 6.286.095,83 euros de acordo co seguinte resumo por capítulos:

#### **Estado de gastos**

| CAPÍTULO     |                                     | IMPORTE               |
|--------------|-------------------------------------|-----------------------|
| 1            | Gastos de persoal                   | 1.752.175,00 €        |
| 2            | Gastos correntes en bens e servizos | 3.538.072,36 €        |
| 3            | Gastos financeiros                  | 29.500,00 €           |
| 4            | Transferencias correntes            | 159.595,00 €          |
| 5            | Fondo de continxencia               | 0,00 €                |
| 6            | Investimentos reais                 | 651.932,47 €          |
| 7            | Transferencias de capital           | 0,00 €                |
| 8            | Activos financeiros                 | 15.000,00 €           |
| 9            | Pasivos financeiros                 | 139.821,00 €          |
| <b>TOTAL</b> |                                     | <b>6.286.095,83 €</b> |

#### **Estado de ingreso**

| CAPÍTULO |                     | IMPORTE        |
|----------|---------------------|----------------|
| 1        | Impostos directos   | 1.524.000,00 € |
| 2        | Impostos indirectos | 60.000,00 €    |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



|              |                                          |                       |
|--------------|------------------------------------------|-----------------------|
| 3            | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 907.755,15 €          |
| 4            | Transferencias correntes                 | 3.433.264,33 €        |
| 5            | Ingresos patrimoniais                    | 360,00 €              |
| 6            | Alleamento de investimentos              | 0,00 €                |
| 7            | Transferencias de capital                | 345.716,35 €          |
| 8            | Activos financeiros                      | 15.000,00 €           |
| 9            | Pasivos financeiros                      | 0,00 €                |
| <b>TOTAL</b> |                                          | <b>6.286.095,83 €</b> |

**Segundo:** Aprobar as bases de execución que serán de aplicación á entidade local.

**Terceiro:** Aprobar os anexos e a documentación que se unen ao orzamento do ano 2026 de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e o Cadro de persoal do Concello de Vedra para o 2026 de acordo co seguinte:

| Cód.  | Denominación do posto                    | F/L | Dot | C.D   | Clasificación del posto |        |        |                         | Vacantes | Observacións                |
|-------|------------------------------------------|-----|-----|-------|-------------------------|--------|--------|-------------------------|----------|-----------------------------|
|       |                                          |     |     |       | ADM                     | Grupo  | Escala | Subescala               |          |                             |
| 1000  | Secretario/a-Interventor/a               | F   | 1   | 30/26 | AE                      | A1/A2  | HN     | Secretaría-Intervención | 1        | Concurso Unitario 2024-2025 |
| 1001  | Técnico/a de Admón. Xeral                | F   | 1   | 25    | AL                      | A1/A2  | AX     | Técnica                 | 0        | Promoción interna           |
| 1002  | Técnico/a de Xestión                     | F   | 1   | 24/22 | AL                      | A2/C1  | AX     | Xestión                 | 0        | Promoción interna           |
| 1002A | Técnico/a Local de Emprego e Servizos    | F/L | 1   | 24    | AL                      | A2     | AE     | Técnica                 | 0        | Funcionarización            |
| 1002B | Axente de Desenvolvemento local          | F/L | 1   | 24    | AL                      | A2     | AE     | Técnica                 | 0        | Funcionarización            |
| 1004  | Xefe Negociado Urbanismo                 | F   | 1   | 22    | AL                      | C1     | AX     | Administrativa          | 0        |                             |
| 1004A | Administrativo/a Informático/a           | F   | 1   | 16    | AL                      | C1     | AE     | Técnica                 | 1        | OEP 2025                    |
| 1005  | Administrativo/a                         | F   | 1   | 18    | AL                      | C1/C2  | AX     | Administrativa          | 0        | Promoción interna           |
| 1005A | Administrativo/a                         | F   | 1   | 18    | AL                      | C1/C2  | AX     | Administrativa          | 1        | OEP 2025                    |
| 1005B | Administrativo/a                         | L   | 1   | 16    | AL                      | III/IV | -      | -                       | 0        | Promoción interna           |
| 1009  | Limpador/a                               | L   | 1   | 10    | AL                      | V      | -      | -                       | 0        | -                           |
| 2002  | Arquitecto/a Técnico/a                   | F   | 1   | 26    | AL                      | A2     | AE     | Técnica                 | 0        | Funcionarización            |
| 3002  | Técnico/a Xestión Cultural e Actividades | L   | 1   | 22    | AL                      | II     | -      | -                       | 0        | -                           |
| 3004  | Coordinador/a de Cultura                 | L   | 1   | 20    | AL                      | III    | -      | -                       | 0        | -                           |
| 3005  | Administrativo/a Biblioteca e Arquivo    | L   | 1   | 20    | AL                      | III    | -      | -                       | 0        | -                           |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



|       |                                                                       |   |   |    |    |       |    |                |   |                   |
|-------|-----------------------------------------------------------------------|---|---|----|----|-------|----|----------------|---|-------------------|
| 4001  | Traballador/a Social                                                  | F | 1 | 26 | AL | A2    | AE | Técnica        | 0 | -                 |
| 4004  | Educador/a Familiar                                                   | L | 1 | 24 | AL | II    | -  | -              | 0 | -                 |
| 4005  | Administrativo/a                                                      | F | 1 | 16 | AL | C1/C2 | AX | Administrativa | 0 | Promoción interna |
| 4006  | Monitor/a Ludoteca                                                    | L | 2 | 14 | AL | IV    | -  | -              | 0 | -                 |
| 5001  | Encargado/a Obras e Servizos                                          | L | 1 | 14 | AL | IV    | -  | -              | 0 | -                 |
| 5007  | Condutor/a Operario/a (Encargado/a)                                   | L | 1 | 14 | AL | IV    | -  | -              | 0 | -                 |
| 5007A | Condutor/a Recolledor/a Lixo                                          | L | 1 | 14 | AL | IV    | -  | -              | 0 | -                 |
| 5007B | Condutor/a Operario/a de Maquinaria e Servizos                        | L | 1 | 14 | AL | V     | -  | -              | 0 | -                 |
| 5007C | Albanel Oficial 2ª                                                    | L | 1 | 12 | AL | V     | -  | -              | 1 | -                 |
| 5008  | Operario/a RSU                                                        | L | 1 | 12 | AL | V     | -  | -              | 0 | -                 |
| 5008A | Operario/a Brigada Verde e Servizos Varios                            | L | 2 | 12 | AL | V     | -  | -              | 0 | -                 |
| 5008B | Operario/a Servizos Varios                                            | L | 1 | 14 | AL | V     | -  | -              | 0 | -                 |
| 5008C | Conserxe e Servizos Múltiples                                         | L | 1 | 12 | AL | V     | -  | -              | 0 | -                 |
| 6001  | Encargado/a Protección Civil, mantemento de Espazos Naturais e Outros | L | 1 | 14 | AL | IV    | -  | -              | 0 | -                 |

**Cuarto:** Expor o Orzamento do Concello e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

**Quinto:** O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

**Sexto:** En cumprimento do previsto no artigo 21.6 do Real decreto 500/1990, o orzamento definitivo que se aprrobe para o ano 2026 terá o seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.



A Presidencia di que son uns orzamentos duns 6.287.000 €, de carácter continuísta coas ideas do equipo de goberno. Ademais levan anos facendo os orzamentos dunha maneira prudente, cautelosa e realista. Primeiro ven que ingresos seguros hai e con prudencia determinan o que queren garantir neses orzamentos.

É probable que cando se vexa a execución destes orzamentos, esta estará preto dos 7.000.000 €.

O primeiro obxectivo era garantir a prestación de todos os servizos que se están a prestar, así como as axudas, convenios, subvencións en todos os ámbitos (deportivo, cultural, educativo, etcétera) e facelo nun contexto de incremento de custes, é dicir, prestar o mesmo servizo vai custar máis cartos, e sen incrementar a presión fiscal. Ademais baixando o cociente de débeda viva; o ano pasado estaba nun 31,40% e este ano un 28,48%.

Desde esa perspectiva, espera que o orzamento se incremente, xa que no capítulo de gastos hai uns incrementos importantes no capítulo de servizos sociais, e é o primeiro que quere garantir o grupo de goberno, xa que supón un 30% do orzamento, arredor duns 2.000.000 €. Hai servizos como o SAF que consume o 17% do orzamento.

É certo que co tema dos gastos, aclara que hai algún capítulo, como por exemplo o relativo ao emprego (taxa de paro actual de Vedra 4,82%), hai partidas que non están incluídas e que se incorporarán a medida que a Xunta de Galicia e a Deputación de A Coruña vaian concedendo as axudas (Aprol, etcétera)

Tamén hai unha necesidade básica que é continuar coa reparación das pistas municipais, de aí a previsión de ingresos e gastos en vías públicas.

En canto a investimentos, están previstos 651.932 €, só un 10,5% do orzamento, e recoñece que debera ser máis alto. O grupo de goberno aspira a que ao longo do ano esa porcentaxe estea arredor do 15% e que o capítulo de investimentos chegue a 1.000.000 €. Isto fai referencia a investimentos canalizados a través do propio concello, non investimentos que benefician aos veciños do concello, pero que son executadas por outras administracións.

No ano 2025 estaban previstos investimentos por un importe de 576.000 € e a día de hoxe executáronse 850.000 €.

Respecto ao centro de saúde aclara que o proxecto definitivo da reforma do mesmo vai a 601.000 € en vez de 540.000 €, e a cantidade que figura nos orzamentos é de 80.000 €. O convenio coa consellería establecía a execución ata este ano, o cal era imposible. Hai que facer unha addenda ao convenio, que xa está en trámite coa consellería, na que se trasladen para o 2026 o investimento e á vez se incrementa a contía da axuda. A aceptación da consellería xa está e espera que aproben o máis pronto posible a addenda. Na consellería transmitíronlle que era preferible trasladar o investimento aos anos 2026 e 2027, por se en novembro de 2026 a obra non estivera terminada debido aos prazos de adxudicación, execución, posibles retrasos, etcétera.

Ese é o motivo polo que non aparecen os 120.000 € que ten que poñer o concello e si os 80.000 €, polo que queda cuberta a previsión de poñer 80.000 € no ano 2026 e 40.000 € no ano 2027; aínda que o obxectivo é poñer os 120.000 € no ano 2026.

Solicita o apoio do resto dos grupos.

O Sr. Pose, do BNG, anuncia que o seu grupo non vai apoiar os orzamentos, por varios motivos, pero especialmente polo tema do centro de saúde. É o cuarto ano que fan a mesma xogada. Recórdalle á Presidencia, que o ano pasado, cun convenio en vigor, dixéralle que ían rematar o 2025 sen iniciar as obras, que ao final aconteceu, basicamente porque non había unha partida





orxamentaria autonómica para o centro de saúde de Vedra, e si figuraban partidas similares doutros concellos.

O orzamento municipal ten que recoller os 120.000 € que o concello ten que achegar, tal e como figura no convenio que caducou no día de onte. A día de hoxe non existe un novo convenio, nin ningunha addenda ao anterior.

En ningún sitio do orzamento municipal aparece a realización do proxecto, a contratación das direccións facultativas e de execución, o seguimento do control de calidade e seguridade, a contratación da coordinación de obras, a instalación de espazos alternativos para a xestión da saúde durante o período de obras, etcétera.

Levan dez anos enganado ao pobo de Vedra co centro de saúde.

Respecto á partida orxamentaria correspondente á extinción de incendios, o grupo de goberno dedícalles cero euros.

Nestes catorce anos levan arrastrando ao concello a unha decadencia permanente; seguen con 1.600.000 € de débeda viva, dos cales 217.000 € son de termos imputables a outros xestores e o resto débese ao goberno do PP e á súa creatividade coa Deputación.

Anuncia que o seu grupo non van apoiar os orzamentos.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, manifesta o seu desacordo cos orzamentos. Considera que os veciños de Vedra necesitan outras respostas ás súas necesidades.

O abastecemento segue chegando lentamente a todas as parroquias e algunhas delas non teñen este servizo tan esencial e necesario.

Respecto ao centro de saúde, agarda que despois de tres anos ao cuarto sexa o definitivo para realizar a reforma. Tamén recorda que seguen agardando por un centro de día.

Considera que os orzamentos do 2026 deberían incluír máis melloras para os veciños.

A Presidencia responde que respecto ao centro de saúde xa todos expuxeron as súas posturas. Ao grupo de goberno tamén lle gustaría que estivese rematada a reforma, pero non é sinxela.

No que se refire á extinción de incendios, di que esa partida está incluída noutros capítulos. Hai unha serie de actuacións, entre elas as de limpeza de camiños e pistas, que están relacionadas coa prevención de incendios.

Respecto da débeda que mencionaba o voceiro do BNG, di que é a eterna discusión entre eles. Esa débeda de 1.589.000 €; 400.000 € corresponden á póliza de crédito que se utiliza por temas de liquidez como moitos concellos e empresas, para facer os pagos no seu momento mentres non veñen os ingresos correspondentes. Hai case 220.000 € que pertencen á débeda bancaria, que se está amortizando e nos vindeiros anos se terminará de liquidar. Os outros 970.000 € corresponden aos PAI da Deputación, que teñen a maioría dos concellos da provincia da Coruña e non afectan nin á manobra do orzamento, nin á manobra do concello, nin á liquidez do concello; porque había un acordo político para que os concellos non tiveran que devolver eses préstamos. Tiveron que buscar a maneira xurídica de facelo e agora fano deducindo uns cartos do que cada concello debe dos PAI. Devólvense exactamente os cartos que mandaron para ese fin exclusivamente. Non se detraen dos fondos que normalmente envía a Deputación. Aos concellos que non acudiran aos PAI a Deputación dálle na súa proporción o que lle corresponde. É unha débeda que computa teoricamente pero que non afecta realmente.

No tema do abastecemento, a idea do equipo de goberno é continuar coas inversións en abastecemento en 2026.

Respecto ao centro de día, di que se está falando e negociando a sinatura dun convenio de carácter bianual coa Xunta para realizalo.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

### **5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas POLO Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:





1º.- Sobre a situación na que está ese ciclo de infantil no CPI de Vedra, cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, que responde que se o voceiro do BNG coñece un flagrante incumprimento da lexislación, o que ten que facer é denunciálo á administración correspondente.

Feita a consulta, a consellería informa que o CPI de Vedra conta con todos os recursos necesarios para atender a todo o alumnado do centro. Aínda así, o grupo de goberno apoia todas as demandas de máis recursos de persoal docente para o centro porque consideran que é positivo para a comunidade educativa de Vedra. Dende o grupo de goberno fixéronse xestións para aumentar o número de docentes e así lle consta á dirección do centro e á ANPA.

Por outro lado, non é competencia deste concelleiro nin do representante do consello escolar por parte do concello a asignación de persoal ao centro. O grupo de goberno procura manter unha colaboración estreita con todos os centros educativos do concello, atendendo as súas demandas o máis pronto e mellor posible e apoiando as súas reclamacións ante a administración.

Agradeceríalle que falase co deputado do BNG en Madrid, socio que mantén o goberno, para que asignen máis recursos para educación, para que modifiquen a lei de educación para que non haxa incumprimentos na lexislación e estea garantido por lei, e tamén para que presenten o estatuto da función docente.

Algúns dos recursos dos que fala o voceiro do BNG veñen a través dos plans de cooperación territorial do estado coas comunidades autónomas. A atención á diversidade, a inclusión educativa, a equidade, a redución do abandono temperá, etcétera, son elementos que forman parte da Axenda 20/30, e o estado español ten asignado un compromiso dese cumprimento.

A Presidencia, respecto dos problemas co transporte escolar, di que o Sr. Pose fixo as reclamacións no pleno de novembro e unha vez máis chega tarde. Desde que se iniciou o curso escolar tiveron contacto permanente tanto coa dirección do centro como coa presidencia da ANPA do CPI. Eran conscientes de todas e cada unha das incidencias e todas e cada unha delas foron reclamadas pola ANPA, pola dirección do CPI e polo concello. O concello reclamou a emenda na Dirección xeral de mobilidade da Xunta de Galicia. Ademais de chamadas, correos electrónicos, etcétera, tiveron tres reunións presenciais. A primeira o 02/10/2025 en Coruña cos técnicos e responsables políticos correspondentes para resolver estas circunstancias. Unha segunda o 14/11/2025, e por último ao día seguinte do pleno de novembro, ás 10:00 horas houbo unha xuntanza co responsable territorial de Monbus en relación con todas esas incidencias. Nesa reunión o responsable da empresa comprometeuse a resolvelas o máis rápido posible e o concello confirmoulle que ía estar vixiante ante cada unha das incidencias que se produciran. Quedou coa dirección do CPI en que lle enviara cada incidencia que puidera xurdir ata o inicio das vacacións de Nadal e así o fixeron. Parte da problemática que viña sucedendo xa foi resolta.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, respóndello ao Sr. Costa Carneiro que a competencia en materia de educación é da comunidade autónoma, gobernada polo PP.

Tamén lle contesta á Presidencia, que o representante de Monbus non é un interlocutor válido para resolver esas deficiencias do transporte, xa que a responsabilidade é da consellería.

### **6º.- Rogos e preguntas.**

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Que demandas relacionadas co transporte público que teñen que ver co concello de Vedra foron trasladadas na xuntanza da comisión de seguimento da área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela e que respostas deu a Dirección xeral de Mobilidade ante as mesmas.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Nun foro sobre a Femp, sae o alcalde de Vedra solicitando a participación directa na xestión de fondos Next-Generation, e indicaba as dificultades que hai para cumprir certos requisitos deses fondos. Pregunta se se refire á participación de asesores do GDR que despois levan contratos de case 500.000 €.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que se envíe o convenio do centro de saúde que rematou no día de onte e tamén solicita a revisión do proxecto de obra do centro de saúde.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cantas prazas vacantes hai a día de hoxe na Escola Infantil Municipal.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.